

folia  
axilativa  
de isca!

rebatar

www.iscagz.org  
info@iscagz.org



isca!

Coa volta do Partido Popular á Xunta de Galiza vimos sufrindo unha serie de recortes nos dereitos do noso pobo e da nosa clase, que se manifestan agora na eliminación dos encontros que as nosas seleccións deportivas nacionais mantiveron nos últimos anos, alegando como motivo a crise económica que estamos a vivir, ocultando deste xeito o verdadeiro interese que os move, a pesar da vontade de participación de xogadores e adestradores e a ilusión dos seareiros e seareiras galegas.

Os encontros deportivos nos que participan as nosas seleccións nacionais son un dos momentos nos que reivindicamos os nosos dereitos deportivos, vencellados estes aos nosos dereitos nacionais: Galiza, como nación que é, ten dereito a que as súas seleccións compitan e participen en pé de igualdade en encontros de todo tipo, nomeadamente os de carácter internacional, representando á nosa nación no ámbito deportivo.

O Partido Popular escúdase na crise, pero non se lembra desta cando ten que subvencionar outro tipo de actividades, xa que na realidade a súa actuación ven marcada por umha política antigalega de ataque á nosa identidade e unha axenda de desmantelamento dos servizos públicos. Así, a crise serve como excusa para deixar de apoiar o ciclismo galego, por exemplo, mais non existe

o PP non  
nos deixa  
xogar



para seguir subvencionando centros de ensino que separan o alumando por sexo, ou para recontractar servizos xa elaborados como unha páxina web para o Xacobeo, tirar mais de 200.000€ nunha enquisa fraudulenta no ensino para xustificar a súa decisión de reducir a presenza do galego deste, ou para subvencionar con mais de 50.000€ a realización dunhas xornadas contra un eixo da nosa identidade, o galego; ou renomear as escolas de ensino infantil.

Por iso, desde Isca! queremos reivindicar mais unha vez o noso dereito a contar con seleccións nacionais en todos os deportes e categorías, e a súa participación en competicións oficiais e internacionais. Porque é o noso dereito, seleccións nacionais galegas!

**queremos ★  
seleccións  
galegas!**

- oficiais • internacionais
- en todas as disciplinas